CONCELLO DA CAPELA

As Neves, 46 • 15613 A CAPELA (A Coruña)
Teléf.: 981 45 90 06 • Fax: 981 45 93 71
C. Elec.: correo@acapela.dicoruna.es • www.concellodacapela.es

BORRADOR CERTIFICADO DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA-URXENTE CELEBRADA POLO PLENO MUNICIPAL EN DATA CINCO DE NOVEMBRO DE DOUS MIL DEZ.

ASISTENTES:
Presidente:
D. ANGEL LÓPEZ SUEIRO.

CONCELLEIROS:
D. FERNANDO RODRIGUEZ FERNANDEZ.
DNA. JOSEFA FINA SECO VILAR.
D. JUÁN PUENTES CALVO.
D. JOSÉ SECO FERNÁNDEZ.
DNA. EVA MARÍA FRAGA SANMARTÍN.
D. FERNANDO VILAR DÍAZ.
D. MARCOS RODRIGUEZ CALVO.

SECRETARIO:
D. JOSÉ ANTONIO MEIZOSO PAZ.

No Salón de Sesións desta Casa do Concello da Capela, provincia da Coruña, ás nove horas do día cinco de novembro de dous mil dez, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. ANGEL LÓPEZ SUEIRO, reúnense os Sres. Concelleiros que se relacionan na marxe asistidos do Secretario da Corporación, coa finalidade de celebra-la sesión extraordinaria-urxente convocada para o día de hoxe.

I.- RATIFICACIÓN DA URXENCIA DA SESIÓN. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo Sr. Alcalde-Presidente ó Pleno da Corporación de que a urxencia da sesión é como consecuencia de que se pediron novos informes e polo tanto pódese adoptar xa o acordo.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular preguntáselle o Sr. Alcalde dónde están eses novos informes.

Polo voceiro do Grupo Municipal Mixto-BNG, D. Juán Puentes Calvo dise que en realidade os informes son os mesmos e que a urxencia ven determinada por un tema de prazos.

Polo voceiro do Grupo Municipal de Terra Galega, D. Fernando Vilar Díaz dise que os plenos non se poden convocar de un día para outro e que o motivo da convocatoria urxente non son os supostos criterios técnicos, senon as discrepancias que hai no equipo de goberno. Manifesta non comprender a urxencia despois de dous anos que non se fai nada.

Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular manifféstase asimesmo que a urxencia non está xustificada para nada. Sometido o asunto a votación rexistranse 4 votos a favor da declaración da urxencia dos Sres./a. Concelleiros/a. dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE e Mixto-BNG e 4 votos en contra dos Sres./a. Concelleiros/a. dos Grupos Municipais do Partido Popular e Terra Galega.

Visto o empate procédese a unha segunda votación que que co voto de calidade do Sr. Alcalde-Presidente (4 votos a favor da declaración da urxencia da sesión dos Sres./a. Concelleiros/a. dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE e Mixto-BNG e 4 votos en contra dos Sres./a. Concelleiros/a. dos Grupos Municipais do Partido Popular e Terra Galega). O Pleno da Corporación ratifica a urxencia da sesión.

II.- LECTURA E APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR DE DATA 29 DE OUTUBRO DE 2010. ACORDO QUE PROCEDA.

Aberta a sesión pola Presidencia solicítase dos Sres./a. Concelleiros/as. asistentes á sesión se desexan formular algún tipo de alegación ou observación á acta da sesión anterior de data vinte e nove de outubro de dous mil dez.

Non se formulando ningún tipo de alegación ou observación, o Pleno Municipal e por unanimidade dos asistentes acordan aproba-la acta da sesión anterior.

III.- ORDENANZA FISCAL REGULADORA DA TAXA POLA PRESTACIÓN DO SERVIZO DE SUBMINISTRO DOMICILIARIO DE AUGA POTABLE, E DAS ACOMETIDAS Á REDE MUNICIPAL DE ABASTECEMENTO DE AUGA. APROBACIÓN INICIAL. ACORDO QUE PROCEDA.

Polo Sr. Alcalde-Presidente dase conta a través de lectura da proposta da Alcaldía sobre a Ordenanza Fiscal obxecto de debate. Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular D. José Seco Fernández manifféstase que o seu grupo xa propuxo na anterior sesión na que se retirou o asunto do orde do día unha serie de enmendas que non se tiveron en conta propoñendo que o asunto quede sobre a mesa xa que non está xustificada a urxencia da sesión, manifestando asimesmo que a idea do Grupo Municipal do Partido Popular sobre o consenso que debía darse neste asunto é moi distinto á idea que teñen os voceiros do PSdeG-PSOE e BNG. Expresa que o prezo da aúga é moi excesivo e o da Asesoría aínda máis, polo tanto propón que o asunto quede sobre a mesa, reitera o custo desorbitado da Consultoría que considera unha

auténtica salvajada, xa que moitos dos traballos que se enumeran no documento oficioso que lle foi facilitado xa tiñan que estar realizándose neste ano 2010.

Polo voceiro do Grupo Municipal de Terra Galega, D. Fernando Vilar Díaz manifestase que a Ordenanza Fiscal non cambiou nada e demostra a consecuencia da nefasta xestión do equipo de gobero e en especial do Sr. Alcalde, fai unhas referencias os prezos da auga en concellos similares os do Concello da Capela, como As Somozas, Cerdido, Mañón, Moeche, etc. donde os prezos son máis baixos, polo que pide que se retome todo o asunto, e que non debe haber tanta presa ou urxencia con este asunto debendo pedirse máis propostas para a xestión da planta o mesmo tempo que califica de impresentable como se levou este proceso nos últimos quince días. Polo voceiro do Grupo Municipal do Grupo Mixto-BNG, D. Juán Puentes Calvo manifestase que dos concellos que se citaron na maioría deles o servizo de abastecemento da auga é moi deficitario e cita os casos concretos das Somozas con un déficit de 250.000 € e Cabanas donde o Concello ten que pagar a Aquagest bastante diñeiro cada ano.

Manifesta que o Concello ten que facer unha previsión de gastos e que os 18.000 € previstos para Consultoría aínda non están contratados a ningunha empresa en particular, resalta que se baixaron 8.000 € nos mantementos xa que a planta iniciará a garantía dende o seu arranque.

Toma a palabra de novo D. José Seco Fernández, voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular para reiterar que o seu grupo fixo propostas que non foron tidas en conta, en concreto a modificación do artigo 8 da Ordenanza para ter en conta a situación familiar, incídese no tema da Consultoría e do prezo excesivo que supón polo que proponse que se consulte a outras empresas, manifestando que o consenso e traballar nunha cousa en común e non tragar co que se pon enriba da mesa.

Polo voceiro do Grupo Mixto-BNG, D. Juán Puentes Calvo reiterase que os 18.000 € previstos para a Consultoría son unha previsión de gastos e que os traballos non están adxudicados a día de hoxe a ningunha empresa en concreto.

Polo Grupo Municipal de Terra Galega, D. Fernando Vilar Díaz dise que todo este asunto levouse moi mal dende o principio e peor aínda o proceso nestas dúas últimas semanas. Remata a súa intervención decindo que tal como está a Ordenanza Fiscal a auga é moi cara. Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández propónse que o asunto quede sobre a mesa.

Remata o debate o Sr. Alcalde-Presidente manifestando que o Grupo de Goberno ten a obriga de sacar este asunto para diante e que os prazos legais son os que son.

Votase en primeiro lugar a proposta do voceiro municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández de que o asunto quede sobre a mesa.

Na primeira votación rexistrase un empate de votos (4 votos a favor de que quede sobre a mesa dos Sres./a. Concelleiros/a. dos Grupos Municipais do Partido Popular e Terra Galega e 4 votos en contra dos Sres./a. Concelleiros/a. do PSdeG-PSOE e Mixto-BNG).

Realizada unha segunda votación e co voto de calidade do Alcalde (4 votos a favor dos Sres./a. Concelleiros/a. dos Grupos Municipais do Partido Popular e Terra Galega e 4 votos en contra dos Sres./a. Concelleiros/a. dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE e Mixto - BNG).

O Pleno da Corporación rexeita a proposta do Grupo Municipal do Partido Popular sobre que o asunto quede sobre a mesa. Votase a continuación a proposta da Alcaldía, neste intre lembrase polo voceiro do Grupo Municipal Mixto - BNG, D. Juán Puentes Calvo que nin o Grupo Municipal do Partido Popular sin de Terra Galega fixeron ningún tipo de propostas económicas, respostalle o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández que faran propostas si a oposición pode user os Servizos Técnicos Municipais.

Na primeira votación sobre a proposta da Alcaldía producese un empate de votos (4 votos a favor dos Sres./a. Concelleiros/a. dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE e Mixto - BNG e 4 votos en contra dos Sres./a. Concelleiros/a. dos Grupos Municipais do Partido Popular e Terra Galega).

Sometido o asunto a segunda votación co voto de calidade do Sr. Alcalde (4 votos a favor dos Sres./a. Concelleiros/a. dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE e Mixto - BNG e 4 votos en contra dos Sres./a. Concelleiros/a. dos Grupos Municipais do Partido Popular e Terra Galega), o Pleno da Corporación adopta o seguinte acordo:

1º.- Aprobar inicialmente a Ordenanza Fiscal Reguladora da Taxa pola Prestación do Servizo do Subministro domiciliario de Auga Potable e das acometidas á rede municipal de abastecemento de auga.

2º.- Publicar anuncio de exposición pública no BOP por un prazo de trinta días ós efectos de que os interesados poidan examinar o expediente e presentar as reclamacións oportunas.

3º.- No suposto de non terse presentado reclamacións ó acordo inicial de aprobación da Ordenanza Fiscal de referencia entenderase automáticamente elevado a definitivo, no caso de presentarse reclamacións estas serán resoltas polo Pleno da Corporación.

IV.- MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR, SOLICITANDO A DECLARACIÓN DO CONCELLO DA CAPELA COMO MUNICIPIO TURÍSTICO. ACORDO QUE PROCEDA.

Dase conta polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular D. José Seco Fernández da moción que copiada literalmente dí:

D. José Seco Fernández con D.N.I. nº 32.624.246-B, voceiro do Partido Popular nesta corporación e ó amparo do previsto no Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

EXPÓN:

Dende, xa máis dunha década, o municipio de A Capela foi perdendo progresivamente poboación, sendo un mal que repercute en todo o rural galego, non deixa de preocupar o Partido Popular local.

1º) A situación xeográfica e sensación de cercanía non a teñen outros municipios afectados pola pérdida de poboación.

2º) O enclave medioambiental que nos rodea, Parque Natural das Fragas do Eume e Montes Forgoselo e Corregosos, baixo o noso punto de vista non se está aprobeitando.

3º) A integración do natural e medioambiental coa cercanía de industria deberían ser factores que condicionaran positivamente que vivir en A Capela sexa unha prioridade.

4º) Nesta lexislatura, e certo que se tomaron algunha medida como a aprobación de rebaixar un 50% as taxas para primeira vivenda, sendo moi positivo este acordo, parece non ser suficiente para incentivar que a poboación se asente na Capela.

5º) O Partido Popular o 12 de maio de 2006 con entrada en rexistro nº 357 presente unha iniciativa que se pode dalgún xeito retomar.

Por todo elo propón a debate e posterior aprobación, si procede a seguinte

MOCIÓN:

SOLICITAR Ó ORGANISMO PERTINENTE A DECLARACIÓN DE MUNICIPIO TURÍSTICO.

Manifesta D. José Seco Fernández que no ano 2006 o Grupo Municipal do Partido Popula xa presentara unha moción similar para pedir a declaración do Concello da Capela como municipio turístico. Na sesión ordinaria correspondente a xuño deste ano quedou sobre a mesa polos motivos que son de dominio público a moción presentada o día 17 de xuño de 2010. Manifesta que a moción deber ir a diante porque todas son ventaxas para os Concellos e dí que hai unha serie de puntos que non se cumpren como é o da Policía Local e Protección Civil e ter unha Oficina de Información Turística pero este pode solventarse coa colaboración doutros concellos como son Cabañas e As Pontes. No que atinxe á Policía Local quedaría solventado coa Garda Civil das Pontes. Así pois, e somentes un tema de vontade política.

Polo Grupo Municipal de Terra Galega o Concelleiro D. Marcos Rodríguez Calvo manifesta estar de acordo coa proposta feita polo Grupo Municipal do Partido Popular mantendo que a declaración de municipio turístico para o Concello da Capela traería beneficios. Polo Grupo Municipal Mixto - BNG, D. Juán Puentes Calvo dise que hai unha serie de requisitos que nin de largo se cumpren para que o Concello poida ser declarado de interés turístico, que deben cumprir unitariamente os concellos solicitantes, cítese a Oficina de Información Turística, Protección Civil, Policía Local, etc.. e lembra que no seu día o Concello solicitou a declaración da Festa do Requeixo e a actual Xunta denegou tal solicitude. Polo voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular, D. José Seco Fernández dise que unha cousa e quen solicita a declaración e outra distinta e quen cumpre os servizos.
Polo Alcalde-Presidente dise que se vai a votar en contra da moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular xa que o Concello non cumpre cos requisitos e neste mesmo asunto a Xunta xa denegou a Festa do Requeixo como Festa de interés turístico.

Remata o debate o voceiro do Grupo Municipal do Partido Popular manifestando que a moción presentada non é política e que os dous servizos que faltan para cumprir poden facilmente consorciarse con outros concellos limítrofes, só falta vontade política.

Sometido o asunto a votación, na primeira votación acadase un empate de votos (4 votos a favor da aprobación da moción dos Sres./a. Concelleiros/a. dos Grupos Municipais do Partido Popular e Terra Galega e 4 votos en contra dos Sres./a. Concelleiros/a. dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE e Mixto - BNG).

Na segunda votación co voto de calidade do Sr. Alcalde-Presidente (4 votos a favor da aprobación da moción dos Sres./a. Concelleiros/a. dos Grupos Municipais do Partido Popular e Terra Galega e 4 votos en contra dos Sres./a. Concelleiros/a. dos Grupos Municipais do PSdeG-PSOE e Mixto - BNG), o Pleno da Corporación rexeita a moción presentada polo Grupo Municipal do Partido Popular sobre a solicitude de declaración de municipio turístico para o Concello da Capela.

E xa que non hai máis asuntos sobre os cales deliberar o Sr. Alcalde finaliza a sesión sendo as dez horas e vinte e cinco minutos, de todo o cal eu, Secretario dou fé, todo elo coas reservas do artigo 206 do ROF.

O alcalde-presidente, **O secretario,**

Angel López Sueiro. **José Antonio Meizoso Paz.**